



Rúa do Concello, 15

27765 Trabada (Lugo)

CIF: P 27 061 00 A

DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 93/2016 DO 9 DE XUÑO

Con data 30/12/2015 a Consellería de Economía, Emprego e Industria publica no DOG núm. 248 a *Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016.*

Ao abeiro da citada *Orde*, con data 04/02/2016 (núm. RE 2016/280111) este Concello solicita, de forma conxunta co de Lourenzá e en representación da agrupación, subvención para a contratación de tres socorristas para a prestación do servizo nas piscinas municipais dos dous concellos.

Por esta Alcaldía considérase inaprazable atender á contratación de persoal laboral temporal para atender o servizo de socorrismo, servizo e categoría profesional prioritarios para a prestación do mesmo en condicións de legalidade, economía e eficacia na xestión dos servizos e recursos públicos, e máis tendo en conta a concesión de financiamento autonómico para a realización do servizo.

Con data 23/05/2016 e núm. RE 986 recíbese a correspondente notificación da resolución da Consellería de data 18 de maio, na que outorga subvención para a contratación de dous dos tres socorristas solicitados. En data 27/05/2016 e núm RE 1033 recíbese anexo á Resolución no que se especifica que a subvención ascende a 5.897,32 euros para a contratación a xornada completa e para dous meses de dous socorristas.

Tendo en conta as condicións da dita resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria e a proximidade da tempada de apertura das instalacións acuáticas municipais, á vista das competencias recoñecidas no art. 21.1.g) da LRBRL, esta Alcaldía, **RESOLVE:**

ÚNICO: Aprobar as bases que rexerán a selección, para a súa contratación como persoal laboral temporal do Concello, de dous socorristas acuáticos que prestarán os seus servizos nas piscinas municipais de Trabada e Lourenzá, financiado a través do programa de fomento do emprego e mellora da empregabilidade da Consellería de Economía, Emprego e Industria

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO - OPOSICIÓN, DE DOUS SOCORRISTAS PARA AS PISCINAS MUNICIPAIS DE TRABADA E LOURENZÁ

BASES

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal a xornada completa, na modalidade de "obra ou servizo determinado - emprego de interese social" e utilizando o sistema de concurso - oposición, de **dúas persoas que prestarán o servizo de socorrismo nas piscinas municipais dos concellos de Trabada e Lourenzá**, segundo o establecido na *Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016.*

SEGUNDA.- DURACIÓN DO CONTRATO E SALARIO

~~1.- A duración do contrato será de dous meses, desde o 1 de xullo ata o 31 de agosto de 2016.~~ A xornada de traballo será a tempo completo (40 horas semanais), repartidas de luns a domingo das 12.00 ás 20.00 h, en horarios e calendarios a determinar polas alcaldías de ámbolos dous concellos.

TERCEIRA.- CONDICIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

1.- Para seren admitidas ao presente concurso - oposición, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Posuír a nacionalidade española, sen prexuízo do establecido na *Lei 17/1993, de 22 de decembro*, en canto resulte de aplicación e nos termos establecidos nela.
- b) Ter cumpridos os 18 anos de idade e non pasar daquela na que falten 10 anos para a xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou equivalente/superior, ou estar en condicións de obtelo na data de remate do prazo de presentación de solicitudes para a presente convocatoria. A equivalencia doutro título, no seu caso, deberá quedar acreditada mediante certificación expedida polas autoridades académicas competentes.
- d) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións entre as persoas con discapacidade e os demais aspirantes, non podendo establecerse, con carácter xeral, limitacións físicas ou psíquicas agás nos casos en que sexan incompatibles co normal desenvolvemento das tarefas e funcións inherentes ao posto de traballo. Na realización das probas selectivas, as persoas con discapacidade que así o soliciten expresamente na súa instancia, gozarán das adaptacións posibles en tempo e medios que posibiliten a igualdade de oportunidades cos demais participantes.
- e) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.
- f) Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.
- g) **Estar en posesión** dalgún dos seguintes:
 - 1. Certificado de profesionalidade de "Socorrismo en instalacións acuáticas" (AFDP0109), establecido polo *Real Decreto 711/2011, de 20 de maio*.
 - 2. Título de "Técnico deportivo en salvamento e socorrismo" establecido polo *Real Decreto 878/2011, do 24 de xuño*, título de "Técnico deportivo superior en salvamento e socorrismo", establecido polo *Real Decreto 879/2011, do 24 de xuño*, ou calquera outro título de grao medio ou superior de formación profesional que inclúa no seu currículo os módulos formativos asociados a todas as unidades de competencia da cualificación de "Socorrismo en instalacións acuáticas" do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.
 - 3. Acreditación de ter superadas as catro unidades de competencia da cualificación profesional de "Socorrismo en instalacións acuáticas", obtidas a través do procedemento que desenvolve o *Real Decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral*.
 - 4. Posuír a formación en "Socorrismo acuático" ou título equivalente que habilite para o exercicio deste servizo, nos termos establecidos no art. 29.1 do *Decreto 103/2005 do 6 de maio polo que se aproba a Regulamentación técnico - sanitaria das piscinas de uso colectivo* e no *Decreto 104/2012 do 16 de marzo polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia*.
- h) **Figurar inscritas** no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia e dispoñer do distintivo de socorrista acuático regulado pola *Orde do 14 de maio de 2012* da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- i) **Estar en situación de desemprego e inscritas** como tal no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados, así como estar dispoñible para o emprego.
- j) **Non ter sido contratadas** por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2015 pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.
- k) Posuír o **carné de conducir B1** en vigor.

2.- Os anteriores requisitos, deberánse posuír con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.



Rúa do Concello, 15

27765 Trabada (Lugo)

CIF: P 27 061 00 A

CUARTA.- TRAMITACIÓN

1.- Segundo o disposto no art. 12.1 da *Orde do 29 de decembro de 2015*, os traballadores que sexa contratados deberán ser desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.

2.- O Concello de Trabada convocará ás persoas candidatas mediante a presentación da oferta na oficina de emprego de Ribadeo, a través do modelo normalizado para tal efecto, facendo referencia aos requisitos que deben reunir os traballadores que se contratarán para o adecuado desenvolvemento das funcións propias dos postos de traballo ofertados, debendo presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación.

3.- Na súa formulación, a oferta non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios e preferencias establecidos na citada *Orde*, rexedora desta contratación.

4.- Recibida a oferta, o Servizo Público de Emprego realizará unha sondaxe de demandantes en función das súas características atendendo á maior adecuación ao posto ofertado, proporcionando, de ser posible, o número de candidatos que solicite a entidade beneficiaria, que en ningún caso poderá ser inferior a dúas nin superior a dez por posto de traballo, de acordo cos criterios de selección establecidos na *Orde*.

QUINTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.- As persoas candidatas propostas pola oficina de emprego de Ribadeo deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Trabada as solicitudes e a documentación adicional para participar no proceso selectivo, no modelo que se achega como *Anexo I*, sendo o último día de **prazo o 23/06/2016, ás 15.30 h**:

2.- Á instancia **acompañarase** inexcusablemente a seguinte documentación:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.
- Fotocopia do diploma ou certificación acreditativos de estar en posesión do título de Educación Secundaria Obrigatoria, equivalente ou superior, ou ben xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a súa expedición. Se estes documentos estiveran expedidos despois da data de terminación do prazo de presentación de instancias, deberá xustificar a data en que se finalizaron os correspondentes estudos.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes.
- Declaración xurada de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- Declaración xurada de non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.
- Acreditación de estar en posesión dalgún dos títulos establecidos no apartado g) da *Base Terceira*.
- Fotocopia do documento acreditativo de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia ou do correspondente distintivo.
- Fotocopia da Tarxeta de demandante de emprego.
- Declaración xurada de non ter sido contratado/a por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2015 pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.
- Fotocopia do carné de conducir B1 en vigor.

resolución da Seguridade Social, así como a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza mediante certificación expedida polo Organismo competente na materia.

3.- As persoas candidatas poderán presentar o modelo de declaración xurada que se achega como *Anexo 1* nas presentes Bases.

4.- Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser emendados en calquera intre, de oficio ou a petición do interesado.

5.- As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 desta base para a presentación de solicitudes, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

SEXTA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

1.- O sistema de selección será o de **concurso - oposición**. Non se avaliará o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presentar as solicitudes.

2.- A fase de oposición terá lugar o **28/06/2016 ás 10.00 h na Casa da Cultura do concello de Trabada** (Rúa do Concello, 40).

3.- Consistirá nun exame teórico de **10 preguntas tipo test** que versará sobre conceptos de normativa de seguridade e hixiene en instalacións acuáticas, así como socorrismo e primeiros auxilios. Cada pregunta contestada correctamente puntuará 0,60 e incorrectamente 0,00 puntos.

4.- Esta proba é de **carácter eliminatorio**, de forma que as persoas aspirantes deberán acadar unha puntuación de 3,00 ou superior para permanecer no proceso e participar na fase de concurso.

5.- Na fase de **concurso** serán valorados os seguintes méritos:

a) Experiencia profesional como socorrista acuático

0,25 puntos por cada trinta días traballados a xornada completa en piscinas. No caso de xornadas parciais a puntuación obterase proporcionalmente.

0,10 puntos por cada trinta días traballados a xornada completa en praias. No caso de xornadas parciais a puntuación obterase proporcionalmente.

A puntuación máxima a obter por experiencia profesional será de 2,00 puntos.

Acreditarase mediante certificacións das entidades contratantes ou ben a través da vida laboral acompañada dos contratos de traballo ou nóminas, de forma que queden acreditadas a ocupación e as datas de inicio e finalización da relación laboral.

b) Formación relacionada con socorrismo e primeiros auxilios

Accións formativas cunha duración comprendida entre 30 e 100 h: 0,25 puntos por cada unha

Accións formativas cunha duración de máis de 101 h: 0,50 puntos por cada unha

A puntuación máxima neste apartado será de 1,50 puntos.

Non se avaliará a formación que supuxera o requisito de acceso ao presente proceso selectivo.

Acreditarase mediante os correspondentes diplomas ou certificacións. Para posibilitar a valoración neste apartado é indispensable que as certificacións/diplomas conteñan información sobre o número de horas lectivas.

c) Estar en posesión dalgunha das seguintes Certificacións en lingua galega (ou equivalentes)

Celga 3: 0,25 puntos

Celga 4: 0,50 puntos

Será acreditado mediante a correspondente certificación do centro educativo ou da Dirección Xeral de Política Lingüística. No caso dos cursos equivalentes, mediante os correspondentes diplomas.¹

6.- No caso de producirse **empates**, o Tribunal de Valoración decidirá en función da pertenza das persoas



Rúa do Concello, 15

27765 Trabada (Lugo)

CIF: P 27 061 00 A

- Maiores de 45 anos,

7.- O Tribunal de Valoración estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente/a: Funcionario/ persoal laboral fixo designado pola Deputación Provincial de Lugo.
- Secretaria: Dña. María Sofía Sanmartín Novoa, secretaria-interventora do Concello de Trabada.
- Primeiro Vogal: D. Rubén García Piñeiroa, persoal laboral fixo do Concello de Lourenzá
- Segundo Vogal: D. José Luis Reigosa Espasande, persoal laboral do Concello de Trabada.
- Terceiro Vogal: D. Jesús Amor Vizcaíno, persoal laboral do Concello de Trabada.

No caso de ausencia do/a Presidente/a, será substituído/a polo primeiro vogal.

No caso de ausencia da Secretaria, será substituída polo segundo vogal.

SÉTIMA.- RESOLUCIÓN

1.- A Alcaldía resolverá de acordo co baremo establecido na base anterior, sen que o número de persoas seleccionadas poida ser maior ca o número de prazas convocadas e farase público no taboleiro de anuncios das oficinas municipais, na páxina web www.trabada.es e no perfil de Facebook do Concello de Trabada.

2.- Na resolución incluírase unha relación das persoas que non foran seleccionadas, co fin de que, se por calquera circunstancia algunha desas persoas non foran nomeadas, adxudicar a praza ao seguinte candidato/a que acadara a puntuación máis alta. Ademais a relación servirá para poder ser utilizada ata o remate do contrato laboral das persoas contratadas como listaxe de reserva (sempre respectando a orde) para cubrir continxencias como renuncias voluntarias, procesos de incapacidade temporal ou calquera outra circunstancia, nos postos de traballo de socorrista acuático. Cando unha persoa incluída na listaxe fose contactada para ocupar un posto, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser contactada para unha nova contratación.

OITAVA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

1.- As persoas finalmente propostas presentarán no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de **3 días naturais** contado a partir da publicación da relación de aprobados no Taboleiro de Anuncios de Concello, os documentos seguintes:

- a) Fotocopia cotexada do Documento Nacional de Identidade.
- b) Fotocopia cotexada do título ou certificación de Educación Secundaria Obrigatoria, de estudos equivalentes/superiores, ou ben xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a súa expedición. Se estes documentos estiveran expedidos despois da data de terminación do prazo de presentación de instancias, deberá xustificar a data en que se finalizaron os correspondentes estudos.
- c) Certificado médico de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes.
- d) Declaración xurada de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- e) Declaración xurada de non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- f) Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.
- g) Acreditación, mediante certificación ou fotocopia compulsada, de estar en posesión dalgún dos títulos establecidos no apartado g) da Base Terceira.
- ~~h) Fotocopia cotexada do documento acreditativo de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia ou do correspondente distintivo.~~
- i) Fotocopia cotexada da Tarxeta de demandante de emprego.
- j) Declaración xurada de non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

k) Fotocopia cotexada do carné de conducir B1 en vigor.

l) Fotocopia cotexada dos documentos xustificativos dos méritos alegados e valorados no procedemento.

m) Os que fixeron valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán acreditar tal condición mediante certificación da Seguridade Social ou fotocopia cotexada da resolución de discapacidade. Así mesmo, deberá acreditar a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza mediante certificación expedida polo Organismo competente na materia.

2.- A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para toma de parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do/a aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, se prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido. Neste caso, a proposta considérase feita a prol dos aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; todo ilo como consecuencia da citada anulación.

NOVENA.- DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

1.- Presentada a documentación polos/as interesados/as, e sendo a mesma conforme, o Sra. Alcaldesa procederá á designación dos/as seleccionados/as e procederá á formalización dos correspondentes contratos laborais.

2.- Establécese un período de proba de 15 días, de conformidade co art. 14 do *Estatuto dos Traballadores*. Transcorrido este período se a persoa da que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

3.- Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

4.- Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizar o contrato na data sinalada, perderá todos os dereitos derivados da superación das probas selectivas.

5.- O concello procederá á contratación das dúas persoas propostas pola Alcaldía, baixo a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, tal como establece a *Orde do 29 de decembro de 2015*.

6.- Os contratos de traballo subscritos serán comunicados á oficina de emprego de Ribadeo a través da aplicación CONTRAT@, en consonancia co establecido na *Orde do 29 de decembro de 2015*.

DÉCIMA.- INCIDENCIAS

1.- A presente convocatoria, as súas bases, e todos os actos administrativos que dela deriven, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na *Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*, modificada pola *Lei 4/1999, do 13 de xaneiro*.

2. Para o non previsto nestas bases, será de aplicación o *Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público*, a *lei 7/1985 de 2 de abril*, o *Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril*, o *Real Decreto 896/1991 de 7 de xuño*, o *Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo* e a normativa laboral de aplicación.

k) Fotocopia cotexada do carné de conducir B1 en vigor.

l) Fotocopia cotexada dos documentos xustificativos dos méritos alegados e valorados no procedemento.

m) Os que fixeron valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán acreditar tal condición mediante certificación da Seguridade Social ou fotocopia cotexada da resolución de discapacidade. Así mesmo, deberá acreditar a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza mediante certificación expedida polo Organismo competente na materia.

2.- A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para toma de parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do/a aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, se prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido. Neste caso, a proposta considérase feita a prol dos aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; todo ilo como consecuencia da citada anulación.

NOVENA.- DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

1.- Presentada a documentación polos/as interesados/as, e sendo a mesma conforme, o Sra. Alcaldesa procederá á designación dos/as seleccionados/as e procederá á formalización dos correspondentes contratos laborais.

2.- Establécese un período de proba de 15 días, de conformidade co art. 14 do *Estatuto dos Traballadores*. Transcorrido este período se a persoa da que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato subscrito.

3.- Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

4.- Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizar o contrato na data sinalada, perderá todos os dereitos derivados da superación das probas selectivas.

5.- O concello procederá á contratación das dúas persoas propostas pola Alcaldía, baixo a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, tal como establece a *Orde do 29 de decembro de 2015*.

6.- Os contratos de traballo subscritos serán comunicados á oficina de emprego de Ribadeo a través da aplicación CONTRAT@, en consonancia co establecido na *Orde do 29 de decembro de 2015*.

DÉCIMA.- INCIDENCIAS

1.- A presente convocatoria, as súas bases, e todos os actos administrativos que dela deriven, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na *Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*, modificada pola *Lei 4/1999, do 13 de xaneiro*.

2. Para o non previsto nestas bases, será de aplicación o *Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público*, a *lei 7/1985 de 2 de abril*, o *Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril*, o *Real Decreto 896/1991 de 7 de xuño*, o *Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo* e a normativa laboral de aplicación.



Rúa do Concello, 15

27765 Trabada (Lugo)

CIF: P 27 061 00 A

ANEXO I

INSTANCIA DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO DE SELECCIÓN

1.- POSTO DE TRABALLO Ó QUE ASPIRA:			Socorrista acuático
2.- DATOS PERSOAIS:			
..... PRIMEIRO APELIDO	 SEGUNDO APELIDO	 NOME	
..... DATA DE NACEMENTO	 LUGAR DE NACEMENTO	 PROVINCIA DE NACEMENTO	
..... DNI	 DOMICILIO	 CP E MUNICIPIO	
..... PROVINCIA	 TELÉFONO	 CORREO ELECTRÓNICO	
3.- DISCAPACIDADE			
Non / Si (Grao%)			
4.- DOCUMENTACION QUE SE XUNTA			
a.-Fotocopia do DNI			
b.-Fotocopia de todos os documentos xustificativos de cumprir cos requisitos de admisión e dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos no momento da presentación da instancia.			

O/a abaixo asinante solicita ser admitido/a ó concurso ao que se refire a presente instancia e declara que

son certos todos os datos obrantes nela e que reúne as condicións esixidas nas Bases/da devandita

convocatoria que declara coñecer, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE TRABADA

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

D./Dña., con DNI, en
relación coa oferta de emprego do Concello de Trabada de

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

1. Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.
2. Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
3. Non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.
4. Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo ao que opto.
5. Non ter sido contratado/a por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2015 pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.
6. Encontrarme na actualidade en situación de desemprego, inscrito/a como tal no Servizo Público de Emprego, e dispoñible para o posto de traballo ofertado.

Lugar e data:

